

Fala Londres 11

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



Voluntariado da Lingua

No segundo cuadrimestre, puxemos en marcha unha nova iniciativa: o Voluntariado da Lingua, un proxecto pensado para implicar activamente o alumnado na promoción e dinamización da nosa lingua dentro do centro.

O voluntariado está organizado en tres comisións principais:

- 📖 Biblioteca, encargada de catalogar e dinamizar este espazo.
- ✈️ Viaxe, centrada nos preparativos da Viaxe da Lingua.
- 🎭 Actividades culturais, propostas lúdicas e didácticas ao alumnado de Infantil e Primaria.

In the second semester, we launched a new initiative: Language Volunteering, a project designed to actively involve students in the promotion and revitalization of our language within the center.

Volunteering is organized into three main committees:

- 📖 Library, in charge of cataloguing and revitalizing this space.
- ✈️ Travel, focused on the preparations for the Language Trip.
- 🎭 Cultural activities, fun and educational proposals for Kindergarten and Primary students.


Entroido

Ademais do entroido ourensán, coñecido pola súa riqueza e espectacularidade, achegámonos tamén ás distintas formas nas que se celebra o Entroido no resto de Galicia, mantendo vivas tradicións ancestrais propias de cada zona.

A través dun vídeo didáctico, o alumnado puido coñecer as principais figuras e costumes desta festa nas distintas comarcas. Como broche final, elaboramos un panel expositivo no que recollimos todo o aprendido e que agora decora os corredores do centro.

In addition to the Ourense carnival, known for its richness and spectacularity, we also looked at the different ways in which Carnival is celebrated in the rest of Galicia, keeping alive the ancestral traditions of each area.

Through an educational video, the students were able to learn about the main figures and customs of this festival in the different regions. As a final touch, we created an exhibition panel in which we collected everything we learned and which now decorates the corridors of the center.



8M Día da Muller

Ao longo dos séculos, as mulleres de Galicia foron forza de traballo, transmisoras de coñecemento, creadoras de cultura e axentes de transformación social. A historia do noso país está tecida co esforzo e a resistencia de mulleres que empurraron a nosa arte, a nosa lingua e a nosa memoria colectiva,

Throughout the centuries, women in Galicia have been a workforce, transmitters of knowledge, creators of culture and agents of social transformation. The history of our country is woven with the effort and resistance of women who have pushed our art, our language and our collective memory,





Ciencias Ángeles Alvariño

AA contribución galega ao Paseo da Fama foi esta oceanógrafa, zoológa e profesora ferrolá. Completou os seus estudos iniciais en Ferrol e na USC. Participou en varias expedicións e cruzeiros científicos polo Atlántico e o Pacífico a bordo de buques oceanográficos de Inglaterra, Estados Unidos, España e México. Foi a primeira muller en servir como científica nun buque de investigación británico.

The Galician contribution to the Walk of Fame was this oceanographer, zoologist and professor from Ferrol. She participated in several expeditions and scientific cruises in the Atlantic and Pacific aboard oceanographic vessels from England, the United States, Spain and Mexico. She was the first woman to serve as a scientist on a British research vessel.

Día das Artes Galegas

Artista e intelectual de referencia, Díaz Pardo desenvolveu unha traxectoria profundamente multifacética: foi pintor, ceramista, deseñador, editor, empresario e pensador, comprometido sempre coa cultura e a identidade galegas. O seu labor tivo un impacto decisivo na recuperación e modernización da cultura galega ao longo do século XX. Foi o impulsor de proxectos fundamentais como Sargadelos ou Laboratorio de Formas.

A leading artist and intellectual, Díaz Pardo developed a deeply multifaceted career: he was a painter, ceramist, designer, publisher, businessman and thinker, always committed to Galician culture and identity. His work had a decisive impact on the recovery and modernization of Galician culture throughout the 20th century. He was the driving force behind fundamental projects such as Sargadelos or Laboratorio de Formas.



Preparando a viaxe

Este mes de abril tivo lugar a primeira reunión preparatoria da Viaxe da Lingua, unha actividade moi agardada que se desenvolverá no vindeiro mes de xuño. Nesta sesión inicial, avanzouse parte do programa de actividades, deseñado para combinar o lecer, a natureza e a cultura coa promoción da lingua galega.

This April, the first preparatory meeting for the Viaxe da Lingua took place, a highly anticipated activity that will take place next June. In this initial session, part of the program of activities was advanced, designed to combine leisure, nature and culture with the promotion of the Galician language.

